

## EMENDAS DE CCOO E UGT Á LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DOS ORZAMENTOS 2023

**Lino Díaz Goás**, Secretario do Sector Autonómica da FeSP-UGT de Galicia, en representación desta organización sindical, con enderezo a efectos de notificacións no Edificio Administrativo San Caetano s/n, local sindical UGT, 15781 Santiago de Compostela e correo electrónico [sindicato-uxt@xunta.gal](mailto:sindicato-uxt@xunta.gal)

**Javier Lareu Rodiño**, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autonómica da FSC de CCOO de Galicia, con DNI 35.452.366 M, con domicilio para os efectos de comunicación, no Edificio Sindical, rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 8-C en San Lázaro (Santiago de Compostela) e enderezo de correo electrónico [jlareu@galicia.ccoo.es](mailto:jlareu@galicia.ccoo.es), por medio do presente escrito, formulan as seguintes,

### EMENDAS

Modifícase o artigo 23 da Lei 2/20215, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

#### **Artigo 23. Concepto e requisitos.**

1. Teñen a condición de persoal funcionario interino as persoas que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeadas en tal condición para o desempeño de funcións propias do persoal funcionario de carreira.

2. Para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

a) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira, por un prazo máximo de tres anos, nos termos previstos no número tres deste artigo.

b) A substitución transitoria das persoas titulares dos postos, durante o tempo estritamente necesario. Nos casos de redución de xornada ou permisos a tempo parcial poderá nomearse persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada que non realice a persoa titular do posto.

c) A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ~~ampliábelos ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa.~~

d) O exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezoito meses.

3. No suposto previsto no número 2.a) deste artigo, os postos vacantes desempeñados por persoal funcionario interino deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos nesta lei. Con todo, transcorridos tres anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o remate da relación de interinidade, e o posto vacante só poderá ser ocupado por persoal funcionario de carreira, agás que o correspondente proceso selectivo quede deserto, nese caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino.

Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer no posto que ocupe temporalmente, sempre que se publicase a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, contado desde a data do nomeamento do persoal funcionario interino e sexa resolta conforme os prazos establecidos no artigo 48 desta lei. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica.

4.O persoal funcionario interino docente que imparta as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou na norma que a substitúa, nomearase sempre cunha duración determinada e a data de finalización do nomeamento non excederá o inicio do curso académico inmediatamente seguinte.

#### **Artigo 24. Adquisición e perda da condición de persoal funcionario interino**

1.Os procedementos de selección do persoal funcionario interino serán públicos, rexéndose en todo caso polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade, e terán por finalidade a cobertura inmediata do posto. O nomeamento derivado destes procedementos de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

Para a selección do persoal funcionario interino docente que imparta as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou norma que a substitúa, poderanse ditas normas adaptadas a súa especificidade.

2. O primeiro nomeamento como persoal funcionario interino nun determinado corpo, escala ou especialidade estará suxeito a un período de proba. O dito período terá unha duración de tres meses para os corpos, escalas ou especialidades do Grupo A; dous meses para o grupo B ~~e o subgrupo C1~~ e un mes para o subgrupo C2 e a agrupación profesional. **e de un mes para os corpos, escalas ou especialidades do grupo C e da agrupación profesional de persoal funcionario.**

**A non superación do período de proba indicado implicará o cese da persoa nomeada como persoal funcionario interino pero en ningún caso implicará penalización na súa posición nas correspondentes listas de contratación temporal.**

**Unha vez producido o cese por esta causa a persoa volverá ao seu posto na correspondente lista e poderá optar a un novo chamamento.**

**O regulado neste artigo ao respecto do período de proba non será de aplicación para as persoas nomeadas funcionarias interinas que acrediten discapacidade intelectual.**

3. O cesamento do persoal funcionario interino producirase, ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Pola cobertura regrada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.

b) Por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou á amortización do postos asignado.

c) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.

d) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

~~e) Incumprimento sobrevido dos requisitos exixidos para o desempeño do posto.~~

f) Pola non superación do período de proba ao que se refire o número dous deste artigo.

4. O incumprimento do prazo previsto no artigo 23.2.a) desta lei dará lugar a unha compensación económica para o persoal funcionario interino afectado, que será equivalente a vinte días das súas retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades. O dereito a esta compensación nacerá a partir da data do cesamento efectivo e a contía estará referida exclusivamente ao nomeamento do que -traía causa o incumprimento. Non haberá dereito a compensación no caso de que a finalización da relación de servizo sexa por causas disciplinarias, ou pola non superación do período de proba previsto no número dous deste artigo ou por renuncia voluntaria.

**En todo caso, o incumprimento do prazo previsto no artigo 23.2.a) desta lei dará lugar á esixencia de responsabilidades disciplinarias mediante o procedemento que regulamentariamente se determine.**

5.O persoal funcionario interino terá dereito á indemnización no caso que por causa do seu cesamento non poida facer efectivo o seu dereito a vacacións nos termos previstos no artigo 132 desta lei.

## **Artigo 25. Réxime xurídico**

**Modifícase o número 2 do artigo 25 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:**

2.En todo caso, o persoal funcionario interino ten dereito ás excedencias por coidado de familiares, por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual e por razón de violencia terrorista, nos termos e nas condicións establecidas nos artigos 176, 177 e 177 bis desta lei. Nestes supostos, a Administración pode nomear un substituto do persoal funcionario interino, o cal cesará pola concorrencia de calquera das circunstancias previstas na alínea terceira do artigo 24.

## **Artigo 27. Persoal laboral temporal.**

Engádesse un número 5 ao artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

5. No caso do persoal laboral temporal, o incumprimento dos prazos máximos de permanencia dará dereito a percibir a compensación económica prevista neste apartado, sen prexuízo da indemnización que puidese corresponder por vulneración da normativa laboral específica.

A dita compensación consistirá, no seu caso, na diferenza entre o máximo de vinte días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondese percibir pola extinción do seu contrato, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. O dereito a esta compensación nacerá a partir da data do cesamento efectivo, e a contía estará referida exclusivamente ao contrato do que traia causa o incumprimento. No caso de que a citada indemnización for recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación de cantidades.

Non haberá dereito á compensación descrita no caso de que a finalización da relación de servizo sexa por despedimento disciplinario declarado procedente ou por renuncia voluntaria.

En todo caso, o incumprimento dos prazos máximos de permanencia no posto do persoal laboral temporal establecidos desta lei dará lugar á esixencia de responsabilidades disciplinarias mediante o procedemento que regulamentariamente se determine.

6. O primeiro nomeamento como persoal laboral temporal estará suxeito a un período de proba. O dito período terá unha duración de tres meses para os corpos, escalas ou especialidades do Grupo I; dous meses para o grupo II; e de un mes para os corpos, escalas ou especialidades do grupo III, IV e V.

A non superación do período de proba indicado implicará o cese da persoa nomeada como persoal funcionario interino pero en ningún caso implicará penalización na súa posición nas correspondentes listas de contratación temporal.

Unha vez producido o cese por esta causa a persoa volverá ao seu posto na correspondente lista e poderá optar a un novo chamamento.

O regulado neste artigo ao respecto do período de proba non será de aplicación para as persoas nomeadas persoal laboral temporal que acrediten discapacidade intelectual.

**NOTA:** con independencia de que o persoal laboral estea suxeito ao disposto no convenio correspondente e na lexislación laboral aplicable parece lóxico que a referencia ao período de proba estea recollido igualmente na Lei de emprego público de Galicia para o persoal laboral ao igual que agora se recolle para o persoal funcionario.

## **Artigo 55. Principios dos procesos selectivos**

Modifícase o punto 5 do artigo 55 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

Para asegurar a protección das vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual durante o desenvolvemento dos procesos selectivos e nas listas de contratación temporal, serán adaptadas todas as medidas necesarias para a salvagarda dos seus dereitos e intereses, e en especial a protección dos seus datos persoais nos termos establecidos no artigo 72.3.a).

## **Artigo 71. Dereitos individuais**

Engádese unha letra m bis) ao artigo 71 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

m bis) Á intimidade no uso de dispositivos dixitais postos ao seu dispor e fronte ao uso de dispositivos de **videovixilancia e xeolocalización** ~~videovigilancia e geolocalización~~, así como á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**Modificar o artigo 75 (Modalidades de carreira profesional do persoal funcionario de carreira), no apartado c) que establece:**

Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, **sen que necesariamente sexa do grupo ou subgrupo inmediatamente inferior**, a outro superior, consonte o establecido nesta sección.

**Modificar o artigo 76 (Itinerarios profesionais) que establece:**

Para os efectos desta lei, considérase itinerario profesional o conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns e que habilitan para o exercicio dunha profesión no ámbito da Administración especial ou dun conxunto de actividades administrativas no ámbito da Administración xeral.

Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación da promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira nos termos que regulamentariamente se determinen, **procedendo ao seu desenvolvemento regulamentario, nas bases das convocatorias**. Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico garantirase, en todo caso, a mobilidade plena do persoal funcionario dos corpos da Administración xeral no ámbito das consellarías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

**Modificar o número 1, número 2 e número 3 do **artigo 80**, que queda redactado como segue:**

1. Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización e a consolidación do emprego temporal, un mínimo dun **cincuenta por cento** ~~vinte e cinco por cento~~ das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a **outros** corpos ou escalas ~~do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior~~ que reúna os seguintes requisitos:

- a) Posuír a titulación e os demais requisitos exixidos.
- b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous o anos, no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.
- c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria.

Esta emenda o que pretende é ampliar a porcentaxe mínima de reserva de prazas para promoción interna ata, como mínimo, o 50% das prazas convocadas correspondentes á taxa de reposición. Debe tomarse en consideración que nas últimas OPEs, entre quenda de promoción interna ligada á libre e a promoción interna separada situouse aproximadamente no 70%. Por outra banda e considerando que a promoción interna non consume taxa de reposición nada impide que o persoal vexa amparadas normativamente as pretensións de fomento da carreira vertical, que por outra banda constitúe obriga legal de toda Administración Pública. Por iso, débese incentivar e promover a promoción interna separada xa que as prazas incluídas neste cupo non restan prazas da taxa de reposición.

2. Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos e escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderán participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos e escalas do grupo A sen necesidade de pasar polo subgrupo A2 de acordo coa regulación establecida no artigo 18 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa promoción interna.

3. Todas as convocatorias dos procesos selectivos eximirán total o parcialmente ao persoal que participe nos mesmos polo sistema de promoción interna vertical de algunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, podendo levarse a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorizase o Consello da Xunta de Galicia e o órgano competente da administración pública respectiva. Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen nos mesmos polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea utilizando ou utilizase no últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares. Dita puntuación será equivalente a que se obtivera de continuar prestando servizos

Engadir neste artigo 80 o punto 6

6 O persoal que adquirise a condición de persoal funcionario de carreira ao amparo da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo desde o momento da devandita adquisición, sempre que teña unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización.

Neste mesmo artigo, incluír un novo apartado e) coa seguinte ou similar redacción:

#### **Promoción interna temporal.-**

Por necesidades do servizo e nos supostos e baixo os requisitos que aos efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira o temporal, e con carácter voluntario, de funcións correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación nas mesas correspondentes.

Durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o interesado manterase en servizo activo na súa categoría de orixe, e percibirá as retribucións correspondentes ás funcións efectivamente desempeñadas, con excepción dos trienios, que serán os correspondentes ao seu nomeamento orixinal

O exercicio de funcións en promoción interna temporal no supoñerá a consolidación de ningún dereito de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento e terá o mesmo límite temporal de duración que os nomeamentos de persoal funcionario interino de acceso libre e coa mesma obriga de inclusión de ditas prazas na oferta pública de emprego na quenda de promoción interna separada.

Para entender estas alegacións cómpre contextualizar o problema. Esta Administración está inmersa nun proceso de funcionarización do persoal laboral fixo. Este persoal que se rexe polo V CCUPLXG tiña uns dereitos en relación á promoción interna que non deberían perderse polo mero feito do seu cambio de vinculo xurídico ao réxime funcional.

A modo de exemplo, o persoal laboral fixo podía promocionar a calquera grupo de clasificación (non só ao inmediato superior) sempre, lóxicamente, que cumprise os requisitos de acceso e titulación ao mencionado grupo. Por outro lado, nos procedementos de cobertura de postos por urxente necesidade existía no ámbito laboral a figura de “traballo en superior categoría” que, ao noso xuízo debería implementarse no ámbito funcional. Esta figura é moi importante porque permite que profesionais que teñan a titulación poidan optar a postos de grupos superiores: beneficia ao traballador que pode mellorar o seu emprego e tamén á administración xa que pode cubrir necesidades e vacantes con persoal de dentro sen necesidade de ter que acudir a procedementos externos (ex. chamamentos ao INEM). Esta modificación que pedimos serviría tamén para paliar a escaseza de profesionais en determinados ámbitos onde as listas de substitución están baleiras: é o caso de enfermeiras ou auxiliares de enfermería. Por último, a proposta que facemos non é novidosa. O texto proposto para a promoción interna vertical é unha lixeira adaptación do artigo 35 do Estatuto Marco do persoal do SERGAS.

Esta proposta pode poñerse en relación co art. 76 da LEPG (itinerarios profesionais). É necesario proceder ao desenvolvemento regulamentario da promoción interna vertical en relación a determinados itinerarios profesionais, tal como se establece no artigo 76 da LEPG. (Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación da promoción interna vertical do

persoal funcionario de carreira nos termos que regulamentariamente se determinen). Algunha concreción neste punto serviría, por exemplo, para permitir que auxiliares de clínica coa titulación de ATS/DUE puidesen desempeñar postos de enfermeira nas nosas residencias de maiores, sempre tan necesitadas de persoal e máxime tendo en conta o que dicimos máis arriba respecto da falta de profesionais nas listas de contratación.

En definitiva si se pretende facer unha transposición do período de proba do Estatuto Marco do SERGAS, tamén tendo en conta o artigo 35 do referido Estatuto, as categorías do persoal laboral funcionariado que se rexía polo V CCUPLXG, e que tiñan dereito á unha promoción interna específica, que non debería perderse, mais ben o contrario, univeralizarse a todo o persoal funcionario.

### **Artigo 81 bis. Promoción interna horizontal do persoal laboral fixo a persoal funcionario de carreira.**

Engádesse o artigo 81 bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

1.O persoal laboral fixo non incluído no ámbito de aplicación da disposición transitoria primeira desta lei pode acceder a un corpo ou escala de persoal funcionario, **nos mesmos termos e coas mesmas condicións que o establecido no** ~~de conformidade coas equivalencias fixadas polo Decreto 165/2019, do 26 de decembro, sempre que supere as correspondentes probas selectivas e reúna os seguintes requisitos:~~

- a) Posuír a titulación, **a homologación ou a habilitación correspondente**, e os demais requisitos exixidos.
- b) Non superar a idade de xubilación forzosa.

2. A convocatoria do proceso selectivo **eximirá** ~~poderá eximir~~ total ou parcialmente dalgunha das probas selectivas, **que serán tipo test**, e ~~ou~~ **reducirá** parte do temario.

### **Artigo 89. Concurso**

Modificar artigo 89. 2, parágrafo primeiro, que queda redactado como segue:

“Os concursos para a provisión de postos de traballo poden convocarse para a xeneralidade dos postos de traballo vacantes, para postos de traballo dun determinado ámbito ou para postos de traballo concretos, en atención ás necesidades do servizo. En todo caso, non se incluírán neles os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual.

**Modificar o número 2 do artigo 90, que queda redactado como segue:**

**2. O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo.**



*No suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar nestes concursos, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.*

*O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo desde o momento da adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización.*

*Estamos de acordo coa modificación que se propón e que se refire aos concursos ordinarios, pero quedaría por modificar a LEPG (no seu art. 80?) para darlle efectividade ao disposto no Acordo de Concertación Social do Emprego Público de Galicia, apartado 10 da Sección Terceira, que dispón: "Se modificará, en su caso, la normativa para permitir la **promoción interna** del personal que se funcione sin tener que esperar al transcurso de dos años desde la fecha de toma de posesión como funcionario/a de carrera"*

*Engádesse o Artigo 97 bis. Adscripción provisional por promoción interna temporal.*

*Procede tamén a adscripción provisional de persoal funcionario en postos base dun grupo, subgrupo, escala ou categoría diferente da seu nomeamento como funcionario sempre que cumpra os requisitos correspondentes e co límite temporal establecido no artigo 80 bis*

*Modificar o número 2 do **artigo 100**, que queda redactado como segue:*

*2. O traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable excepcionalmente por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais, **e sempre baixo os principios de mérito, capacidade e transparencia na súa concesión.***

*Considerando que as comisións de servizo, se ben son perfectamente legais e previsiblemente están para ser utilizadas ante situacións de necesidades puntuais, tamén é certo que de forma reiterada son empregadas de xeito que poden perverten a súa pretensión primaria, dándose casos nos que de forma reiterada se usan como elemento substitutivo da provisión de postos mediante concurso ordinario.*

*Se a pretensión e a necesidade da ampliación de 6 meses a 1 ano prorrogable por outro, é motivada pola posta en marcha das previsións establecidas pola Lei de simplificación administrativa e reactivación económica de Galicia, consideramos que debe de forma expresa acoutarse a programas específicos e non que de xeito aberto e xenérico se permita esta excepcionalidade, dado que se corre o risco de que a excepción se converta en regra xeneralizada.*

## **Artigo 102. Traslado por violencia de xénero**

*Modificar o título e o punto 1 do artigo 102, que queda redactado como segue:*

*Artigo 102. Traslado por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual.*

1. As empregadas públicas vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual que se vexan obrigadas a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viñan prestando servizos para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral teñen dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, noutra localidade, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura.  
Para a mobilidade interadministrativa por esta causa non é necesario que a relación de postos de traballo permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas.

*Modificar o número 3 do **artigo 102**, que queda redactado como segue:*

3. *O posto de traballo asignado nesta situación terá carácter definitivo. Así mesmo, regulamentariamente determinaranse as condicións do traslado previsto neste artigo.*

Polo que respecta á modificación prevista da consideración de carácter definitivo dos postos ocupados por persoas vítimas de violencia de xénero, manifestar en primeiro lugar que tal consideración debe quedar aberta á opción das persoas afectadas en función da súa situación e circunstancias persoais e en segundo termo que se indique a retroactividade da norma, unha vez publicada dando opción ás persoas que na actualidade están en dita situación. En todo caso e dado que a norma alude á determinación regulamentaria, requirir que a Administración realice o regulamento ao efecto, pois de outro xeito estaríamos ante dereitos imposibles de acadar e pendentes desa regulamentación.

#### **Artigo 104. Mobilidade interadministrativa**

Modificar artigo 104.5 que queda redactado como segue:

Os casos de mobilidade xeográfica das funcionarias vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual recibirán unha especial consideración nos acordos que as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei subscriban coa finalidade de facilitar a mobilidade do seu persoal funcionario.

#### **Artigo 106. Reducións e adaptacións da xornada de traballo**

*Modificar a letra a) do número 1 do artigo 106 (Reducións e adaptacións da xornada de traballo) propoñemos a seguinte modificación: Por razóns de garda legal, cando se exerza o coidado directo dalgún menor de ~~doce~~ dezoito anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, concederase unha redución por horas completas da xornada de traballo diaria, co límite que se determine regulamentariamente.*

*(Cómpre lembrar que a Lei de Impulso Demográfico xa fala neste aspecto de “maioría de idade”). Este artigo non se propón a modificar pola Administración, pero desde CC&OO e UGT consideramos necesario facelo nos termos propostos.*

Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 106:

O persoal funcionario ten dereito á redución da xornada de traballo diaria, coa percepción íntegra das súas retribucións, nos caso e coas condición que se determinan a seguir:

b) Para atender ao coidado do fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de larga duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente, concederase unha redución por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo ata que o menor cumpra os 23 anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolledores de carácter preadoptivo, permanente ou simple traballen. En consecuencia, o mero cumprimento dos 18 anos de idade do fillo ou do menor suxeito a acollemento ou a garda con fins de adopción, non será causa de extinción da redución da xornada, se se mantén a necesidade do coidado directo, continuo e permanente.

Regulamentariamente estableceranse as condición e os supostos en que a redución de xornada prevista nesta letra poderá acumularse en xornadas completas, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

Cando concorran en ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolledores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito á redución da xornada prevista nesta letra ou, de ser o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa aplicable, é requisito para a percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da xornada de traballo que o outro proxenitor adoptante ou acolledor de carácter preadoptivo, permanente ou simple non cobre as súas retribucións íntegras en virtude do previsto nesta letra ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable. En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións. Así mesmo, no suposto de que ambos os dous proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, este poderá limitar o exercicio simultáneo da redución de xornada prevista nesta letra por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

Cando a persoa enferma contraia matrimonio ou constitúa unha parella de feito, terá dereito á prestación quen sexa o seu cónxuxe ou parella de feito, sempre que acredite as condicións para ser beneficiario

### **Artigo 106. Reducións e adaptacións da xornada de traballo**

Modifícase o número 3 do artigo 106 que queda redactado como segue:

As funcionarias vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual teñen dereito á redución da xornada de traballo diario por horas completas e con diminución proporcional das súas retribucións

na medida en que sexa necesario para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan procedentes nos termos que regulamentariamente se determinen.

No suposto enunciado no parágrafo anterior, a funcionaria pública manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos

**Modificar o punto 5 do artigo 106:** *O persoal funcionario con fillos ou persoas acollidas menores de ~~dezoito~~ ~~doce~~ anos ao seu cargo ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas ten dereito á flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia nos termos que regulamentariamente se determinen.*

(Cómpre lembrar que a Lei de Impulso Demográfico xa fala neste aspecto de “maioría de idade”).  
**Este artigo non se propón a modificar pola Administración, pero desde CCOO e UGT consideramos necesario facelo nos termos propostos.**

**Modificar o artigo 124.1** *Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento, garda ou adopción dun fillo. Neste artigo propoñemos a seguinte modificación: Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de ~~dezasais semanas~~ **vinte dúas semanas** das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo e filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda ou acollemento múltiples, a desfrutar a partir da data do nacemento, ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.*

**Este artigo non se propón a modificar pola Administración, pero desde CCOO e UGT consideramos necesario facelo nos termos propostos.**

### **Artigo 132. Vacacións do persoal funcionario**

Engádese un apartado 6 ao artigo 132 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

6. O período de vacacións anuais retribuídas do persoal funcionario non pode ser substituído por unha contía económica. Nos casos de renuncia voluntaria deberá garantirse en todo caso o disfrute das vacacións devengadas.

Non obstante o anterior, nos casos de conclusión da relación de servizos do persoal funcionario por causas alleas á vontade deste, terá dereito a solicitar o aboamento dunha compensación económica polas vacacións devengadas e non disfrutadas; e en particular, nos casos de xubilación por

incapacidade permanente ou por falecemento, ata un máximo de dezaioito meses.

### CAPÍTULO III

Representación e participación institucional do persoal ~~funcionario~~ **emporado público**

Artigo 155.

Nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei existirán, como mínimo, as seguintes unidades electorais:

1) Unidades electorais do persoal funcionario.

- ~~a) Unha nos servizos centrais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.~~
- ~~b) Unha en cada provincia para o persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia destinado nela, salvo o contemplado nas dúas letras seguintes.~~

Se establecen CINCO ámbitos electorais por cada unha das provincias da Comunidade autónoma de Galicia agrupando as consellerías do seguinte xeito:

- 1.-Presidencia da Xunta de Galicia, Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes; Facenda e Administración Pública; Promoción de Emprego e Igualdade.
- 2.-Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía Industria e Innovación; Infraestruturas e Mobilidade.
- 3.-Medio Rural, Medio Ambiente Territorio e Vivenda; Mar
- 4.-Cultura, Educación, Formación, Profesional e Universidade
- 5.-Política Social e Xuventude; Sanidade

Se establece Un ámbito electoral do persoal que presta servizos nos Servizos centrais de todas as Consellerías, Organismos Autónomos, Axencias, e Casa de Galicia en Madrid con sede en Santiago de Compostela.

- d) Unha en cada provincia para o persoal docente dos centros educativos públicos non universitarios.
- e) Unha en cada área de saúde para o persoal ao servizo das institucións sanitarias públicas.
- f) Unha en cada universidade pública para o persoal funcionario dos corpos docentes universitarios e outra para o persoal funcionario de administración e servizos.
- g) Unha en cada entidade local.
- h) Unha en cada provincia para o persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

2) Unidades electorais do persoal laboral.

- a) Un comite de empresa nos servizos centrais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Un comite de empresa por consellería en cada provincia para o persoal laboral da Administración

xeral da Comunidade Autónoma de Galicia destinado nela, e sen prexuízo do regulado no artigo correspondente do Estatuto dos Traballadores.

3) Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, previo acordo coas organizacións sindicais lexitimadas nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ou normas que os substitúan, os órganos de goberno das administracións públicas poden modificar ou establecer unidades electorais en razón do número e peculiaridades do seu persoal funcionario e **laboral**, e adecuar a súa configuración ás estruturas administrativas ou aos ámbitos de negociación constituídos ou que se constituán.

### **Artigo 172. Modalidades**

Modifícase a letra e) do artigo 172 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

e) Excedencia por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual.

Artigo 177. Excedencia por violencia de xénero

Modifícase o *título* e o punto 1 do artigo 177 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

Artigo 177. Excedencia por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual

1.As funcionarias vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, teñen dereito a solicitar a situación de excedencia sen que sexa exigible o requisito de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos nin un prazo de permanencia nesta situación.

Artigo 189. Sancións por faltas graves

Engádese a letra e) artigo 189 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactada como segue:

e) No caso de sanción pola falta prescrita na letra y) do artigo 186, a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 2 anos.

E se elimina a letra f) do dito artigo.

Disposición adicional décimo sexta. *Medidas en materia de procesos selectivos*

Modifícase a disposición adicional décimo sexta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

*A aquelas persoas que, sen teren a condición de empregado público, participen en procesos selectivos para o acceso á función pública e cometan algunha das condutas reguladas nos artigos 185.1.p) e 186.1.y) da presente lei, aplicaráselles o previsto nos artigos 188.f) e 189.e),*

respectivamente, e o procedemento sancionador tramitárase en conformidade coas normas e garantías previstas na normativa vixente.

Así mesmo, a comisión das condutas indicadas anteriormente determinará a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

### Disposición adicional oitava.

Na relación de funcións da que se recollen no **apartado 3 bis da Disposición Adicional 8ª da Lei 2/2015**, do 29 de abril (DOG núm. 82, do 4 de maio) de Emprego Público de Galicia, na escala de persoal de servizos xerais (**PSX**) inclúese “o apoio en cociña e comedor segundo o centro e tipo de servizo”.

Co fin de completar a redacción deste apartado, propónse unha redacción máis detallada das funcións do persoal de servizos xerais relativas ao servizo de cociña e comedor tal e como segue:

“~~apoio en cociña e comedor e elaboración de preparados sinxelos (almorzos e merendas)~~, segundo o centro e tipo de servizo”.

A elaboración e preparación correspóndelle aos cociñeiros/cociñeiras, non ao persoal de servizos xerais, que estarían facendo unha función superior para a que non teñen habilitación profesional, a mais de que suporía de facto ter que facer xornada partida para poder estar nos almozos e nas merendas, porque se non por horario non dan, tendo en conta que so hai un PSX na maioría dos centros, e de que o servizo de cociña está privatizado.

Na **Disposición Adicional Oitava** (escalas e especialidades dos corpos e da agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia) **propoñemos a creación das seguintes escalas no corpo auxiliar:**

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
AXENTES DE POLICÍA DEMANIAL	ESTRADAS	C2	<p>Policía e vixilancia da legalidade e a defensa do dominio público e afección das estradas, así como do cumprimento do conxunto de normas e medidas que perseguen a súa protección defensa, explotación e conservación, formulando as denuncias, informes, esbozos ou formularios que procedan no seu ámbito de actuación.</p> <p>Colaborar cos Axentes de Inspección de estradas nas súas funcións propias.</p> <p>Sinalizar os accidentes de circulación que presenza, e colaborar e comunicar a súa situación aos</p>	GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE

			<p>servizos de emerxencia pertinentes, así como aos seus superiores.</p> <p>Colaborar nas tarefas de campo ou operativas que poidan ser asignadas a consellería competente en materia de obras publicas, segundo o recollido na lexislación de protección civil e seguridade viaria.</p> <p>Atender ao cumprimento da normativa vixente referente a mellora da seguridade viaria, o medio ambiente e a seguridade e prevención de riscos laborais, no relativo a explotación de estradas.</p> <p>Coidar dos medios materiais que se poñan a súa disposición e informar ao seu inmediato superior de calquera anomalía ou dano.</p> <p>Cantas outras tarefas compatibles co seu nivel de coñecementos e que estean relacionadas coas funcións arriba indicadas.</p>	
AXENTES DE POLICÍA DEMANIAL	DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C2	<p>Denuncia ou informe de calquera anomalía o infracción relativa ao dominio público hidráulico ou as súas zonas de protección.</p> <p>Vixilancia daquelas actividades susceptibles de provocar vertidos no dominio público hidráulico ou no mar desde terra mediante o acceso a os puntos que se presuman contaminados, tomando a correspondente mostra segundo o protocolo de «tomas de mostras».</p> <p>Vixilancia de tramos de ríos para localizar áreas que requiran limpeza de vexetación, obstrucións, localización de vertidos e tarefas semellantes.</p> <p>Elaboración de partes de servizo, boletíns de denuncias, informes e demais documentos relacionados coas súas funcións.</p> <p>Colaborar nas tarefas de campo ou operativas que poidan ser asignadas a consellería competente en materia de obras publicas, segundo o</p>	GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE



			<p>recollido na lexislación de protección civil e seguridade viaria.</p> <p>Atender ao cumprimento da normativa vixente referente a seguridade e prevención de riscos laborais, no seu ámbito de actuación..</p> <p>Coidar dos medios materiais que se poñan a súa disposición e informar ao seu inmediato superior de calquera anomalía ou dano.</p> <p>Cantas outras tarefas compatibles co seu nivel de coñecementos e/ou titulación e que estean relacionadas coas funcións arriba indicadas.</p>	
--	--	--	---	--

Propónse a creación dunha nova escala do subgrupo C2, coa denominación de Axente de Policía Demanial (ou do Dominio Público), que encadraría dúas especialidades da mesma consellería, a de Infraestruturas e Mobilidade. Son as de Dominio Público Hidráulico ( Augas de Galicia) e vixilancia de Estradas.

Nestas especialidades se encadraran os Gardas Fluviais e os Axentes de Estradas (Legoeiros) que solicitasen a funcionarización e non posúan a titulación necesaria para optar a prazas de PI do C1.

Desenvolverá as funcións indicadas no cadro anterior ou outra que se acorden vía negociación e sempre acordades á súa escala e formación.

Esta escala crearase na administración xeral, non na especial, co fin de facilitar a promoción e mobilidade dos seus efectivos a escalas superiores.

A medida proposta persegue darlle solución ao problema de determinado persoal de Augas e Estradas (AXI), que non posúen a titulación necesaria para optar a unha praza do subgrupo C1, en cumprimento cos acordos asinados recentemente con respecto a este persoal, e debido a que, segundo o recollido en ditos acordos, non foi posible acadar os mecanismos necesarios para obter dita titulación requirida para poder integrarse no na subescala C1.

Ademais, tamén se busca con esta proposta:

- Homoxeneizar e unificar escalas de funcionarios que desenvolvan funcións de policía e vixilancia do dominio público e policía especial administrativa, neste caso no subgrupo C2.
- Facilitar a promoción vertical ou horizontal e a mobilidade dos funcionarios implicados.
- Mellorar a percepción de servizo público, a visibilidade e as funcións propias a escala percibidas polos cidadáns aos que se dirixen e cos que se relacionan no traballo diario, e dar cumprimento a normativa vixente respecto ao desenvolvemento de funcións reservadas a persoal funcionario.

- Dar cumprimento do xeito mais vantaxoso posible, tanto para o persoal como para a administración, ao recollido nos acordos asinados recentemente para o persoal de Augas e de Estradas.

**Disposición adicional novena.**

Na **Disposición Adicional Novena** no **corpo de técnicos de carácter facultativo**, na escala técnica do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, **facer as seguintes modificacións**:

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
Escala técnica <b>facultativa</b> do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais	Bombeiro Forestal Xefe de Brigada	B	<p>- Coordinación e dirección do persoal e medios encomendados para previr, combater e extinguir os incendios de natureza forestal, así como a vixilancia e supervisión das labores de prevención. <del>En particular cooordinación dos Bombeiros/as Forestais Encargados de Brigada e/ou Bombeiros Forestais ao seu cargo.</del></p> <p>-Coordinación e apoio en continxencias e situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais.</p> <p>-Colaboración coas persoas responsables do Servizo de Protección Civil no amparo das persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais.</p> <p>-Condución de vehículos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.</p>	Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente e carné autorización ou licenza que sexa necesaria para o manexo dos vehículos.

Na **Disposición Adicional Novena** no **corpo de axudantes de carácter facultativo**, na escala técnica operativa do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, **facer as seguintes modificacións**:

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
Escala técnica operativa do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais	Bombeiro Forestal <del>Encargado</del> <b>Xefe de Brigada</b>	C1	Coordinación e dirección dos bombeiros forestais ao seu cargo para previr, combater e extinguir incendios de natureza forestal, así como vixilancia e mantemento dos labores de prevención, coordinación en situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais e colaboración cos responsables dos servizos de protección civil no amparo de persoas e bens ante a	<del>Título de Bacharel ou Técnico</del> <b>Técnico Especialidade Forestal e Medioambiental e/ou equivalente e carné, autorización ou licenza que sexa necesario para o manexo dos vehículos.</b>

			incidencia dos incendios forestais. -Condución de vehículos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais	
--	--	--	--	--

Na **Disposición Adicional Novena** no **corpo de axudantes de carácter facultativo**, engadir a seguinte escala:

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
Escala de axudantes técnicos educativos (grupo III- cat.99)		B ou C1	Prestación de servizos complementarios para a asistencia das persoas con necesidades especiais: transporte, limpeza e aseo, comedor, colaboración na vixilancia e análogos.  Colaboración na inserción na actividade social e laboral das persoas con necesidades especiais.  Colaboración na realización de tarefas elementais que completen os servizos especializados, en orde a propiciar a autonomía persoal e a formación das persoas con necesidades especiais.  Realización de cambios posturais.  As recollidas nas sentencias xudiciais de reclasificación	Ciclo Superior de Integración Social. Período transitorio: Bacharelato ou equivalente ou os requisitos esixidos nas listas para a súa contratación ou para os procesos selectivos superados

Na **Disposición Adicional Novena** no **corpo facultativo superior**, na escala de enxeñeiros, debe crearse a especialidade de enxeñaría informática.

Esta especialidade é fundamental tanto na sociedade (posto que a informática é o motor tras da actual revolución da industria 4.0 e da dixitalización da economía, e tras da revolución social da sociedade dixital), como tamén dentro da propia Función Pública. As Leis estatais 39/2015 e 40/22015, ademais da Lei galega 4/2019 de administración dixital de Galicia, establecen a obrigatoriedade de que a actual Administración se converta nunha administración dixital, e que a interrelación da sociedade coa mesma sexa a través de canles informáticas. Neste contexto de ubicuidade da informática, tamén dentro da Administración galega e no marco normativo que lle afecta, é imprescindible que exista unha especialidade de Enxeñaría en Informática dentro da escala de enxeñeiros. Esta especialidade, de xeito análogo ao resto de especialidades da escala de

enseñeiros, debería ter como requisito de titulación exclusivo a "Enxeñaría en Informática"

Na pandemia da COVID-19 a informática e as tecnoloxías da información están a permitir que a sociedade siga a funcionar a pesar das restricións precisas para combatela. Grazas á informática a maioría dos traballadores puideron prestar os seus servizos mediante modalidades de teletraballo durante o confinamento, boa parte da Administración seguiu e sigue a funcionar grazas aos servizos implantados de e-administración, o ensino puido continuar e un longo etcétera. A Administración debe dixitalizarse a un ritmo maior que ata o de agora, e debe facelo con sistemas robustos, escalables e seguros que redunden nun mellor servizo á cidadanía e nun uso máis eficiente dos recursos públicos; este obxectivo só se pode conseguir se a Administración dispón dos recursos humanos especializados que se precisan: os profesionais da enxeñaría en informática. A creación da especialidade de "enxeñaría en informática" dentro da escala de enxeñeiros é unha necesidade perentoria.

Na **Disposición Adicional Novena** no **corpo de axudantes de carácter facultativo**, na escala técnica de mantemento e servizos modificar a titulación esixida nos seguintes termos: Título de técnico en la rama de instalación y mantenimiento o en la rama de electricidad y electrónica ou **CICLO SUPERIOR EN AUTOMOCIÓN OU FP2 EN MECÁNICA E ELECTRICIDADE DO AUTOMOBIL**.

Nesta escala hai categorías e postos que precisan desta titulación e de non modificar a LEPG ou o anexo de equivalencias do decreto de funcionarización non poderían funcionarizarse nin presentarse aos procesos de estabilización.

Ademais, nesta mesma escala englobase persoal de perfís distintos e desempeñando oficios diferentes. Por iso propoñemos que se diferencien dous grupos, mediante a creación de dúas especialidades dentro da escala: unha que inclúa aos encargados de equipamentos mecánicos e mecánico inspector – categorías 1 e 82 - (especialidade de mecánica e automoción) e outra onde se encadren os xefes de servizos técnicos e oficiais de servizos técnicos – categorías 6 e 69 – (coa denominación de especialidade en mantemento de obra civil).

Na **Disposición Adicional Novena**, á escala de gardas de recursos naturais, do subgrupo C2, engádenselle novas funcións, sen negociación previa (xa o ano anterior se lle engadiron as de: "recollida e traslado de fauna silvestre", incumprindo o mesmo precepto negociador.

Cómpre lembrar que o Acordo de Concertación do Emprego Público de Galicia e o propio Decreto de Funcionarización establecen que as funcións que teña que desempeñar o persoal laboral funcionarizado serán as mesmas que viña desempeñando ata que se "acorden outras distintas". Polo tanto, esiximos a negociación previa correspondente para modificar as funcións desta escala e non unha imposición unilateral da Administración vía lei de medidas.

Na **Disposición Adicional Novena** crear no corpo facultativo superior dentro da escala de facultativos a especialidade de inclusión sociolaboral ou intervención sociocomunitaria e na mesma disposición pero no corpo facultativo de grao medio dentro da escala técnica de facultativos crear a mesma especialidade.

Esta creación propónse para resolver o problema dos técnicos superiores e medios que prestan os seus servizos nas Oficinas I+B dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar realizando funcións basicamente de inclusión social e intervención sociocomunitaria. Este colectivo de traballadores

non realiza exclusivamente nin maioritariamente funcións de inserción ou orientación laboral, senón que despregan funcións máis polivalentes relacionadas cos ámbitos anteriormente citados.

**Na Disposición Adicional Novena, na escala de axentes técnicos facultativos, na especialidade de animación sociocultural (Grupo B) esíxese como requisito de titulación a de “Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística”.** Polo tanto, o que solicitamos é que se permita a funcionarización deste colectivo no C1 (en tanto no se desenvolva regulamentariamente o Grupo B a nivel do Estado) e que a Administración habilite os mecanismos para que estes traballadores poidan acceder á titulación esixida para o ingreso na escala (tal como está recollido no Acordo de Concertación).

Neste caso dáse a circunstancia que a maioría dos traballadores laborais fixos que pertencen á categoría 90 do Grupo III (animador sociocultural) accederon á administración na década dos 90 (concretamente no ano 1991), cando aínda non existía a titulación requirida para o acceso á escala (a titulación que lles pedía era a de bacharelato superior o FP de 2º grao e a titulación de animador sociocultural non empezou a impartirse como formación reglada ata 20 anos despois da data na que estes traballadores se presentaron ao proceso selectivo).

Modifícase o número 3 da Disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para crear a Escala de técnicos especialistas en patoloxía forense do IMELGA

3. No corpo de técnicos de carácter facultativo existen as seguintes escalas e especialidades:  
(...)

Denominación	Especialidade	Grupo	Funcións	Titulación
<p>Escala de técnicos especialistas en patoloxía forense do IMELGA</p>		B	<p>1. Controlar e xestionar a recepción, rexistro, e a posterior entrega do cadáver unha vez finalizadas as investigacións médicas legais pertinentes. Obter, preparar e tramitar toda a documentación necesaria</p> <p>2- Atender ás funerarias, familias, FOP e outras entidades o persoas en relación cas actividades propias do servizo, como son: visualización de cadáveres, documentación de identificación, obtención de pegada necrodactilar, etc.....segundo os protocolos establecidos.</p> <p>3- Controlar e repoñer o material funxible e non funxible. Controlar o stock de material funxible e dar soporte a previsión de pedidos.</p> <p>4- Controlar e repoñer a documentación da sala. Esterilizar o material de autopsias</p> <p>5- Preparar e custodiar o cadáver según as disposicións internas ata o inicio da necropsia.</p> <p>6- Actuar durante a necropsia seguindo as directrices técnicas do/da médico forense responsable</p> <p>7- Controlar e custodiar as mostras dende a sala de autopsias ata a entrega a unidade responsable</p> <p>8- Adecuar o cadáver e a sala unha vez que acaba a necropsia</p>	<p>Técnico superior en Anatomía e Patolóxica e Citodiagnóstico</p>

			<p>9- Controlar, custodiar e xestionar a roupa e obxectos persoais do cadáver, según as instrucións internas</p> <p>10- Colaborar noutras actividades como son: xestión de mostras para a súa remisión a laboratorios internos ou externos, asistencia a exhumacións, tarefas de esqueletización e/ou preparación de pezas óseas para estudos antropolóxicos médico legais, participación en simulacros de grandes catástrofes, mobilización de cadáveres nos casos que sexa necesaria a práctica de probas de imaxe (RX, TAC..)</p> <p>11- Desenvolver todas as tarefas inherentes a súa categoría profesional na sección de histopatoloxía: preparación e fixación de mostras, documentación, tarefas derivadas da disección, procesamentos, arquivo de bloques, bases de datos. Preparación de reactivos, fixadores e declorificadores.</p> <p>12- Controlar a recollida e entrega de preparación e bloques de histoloxía tanto para o persoal do servizo como para servizos externos.</p> <p>13- Manteñemento do sistema de detección de formol e tomas de medidas de presión, con rexistro según o protocolo pautado</p> <p>14- Detectar anomalías de funcionamento de aparellos ou sistemas e comunicarllo o xefe de servizo ou a sección ou a persoa responsable</p> <p>15- Levar a cabo tarefas básicas de manteñemento de aparellos tanto de histopatoloxía (limpeza, cambios de reactivos..) como en sala de autopsia.</p> <p>16- Cumprimentar as bases de datos do Servizo de Patoloxía Forense tanto propias como as doutros organismos oficiais os que está obrigado legalmente .</p> <p>17- Colaborar nas tarefas de control de calidade do Servizo de Patoloxía Forense</p> <p>18- Realizar os rexistros fotográficos e filmación de necropsias, e de actuacións complementarias e xestionar con posterioridade o material fotográfico obtido para garantir o control uso e seguridade, según a disposición do Servizo de Patoloxía Forense.</p> <p>19- Facer calquera outra función relacionada coas expostas con anterioridade que lle sexan asignadas polos seus superiores xerárquicos.</p>	
--	--	--	--	--

### Modifícase o número 4 bis da disposición adicional novena

Na relación de funcións da que se recollen no **apartado 4 bis da Disposición Adicional 9ª da Lei 2/2015**, do 29 de abril (DOG núm. 82, do 4 de maio) de Emprego Público de Galicia, na **escala de xerocultor** inclúese “*asistir ao usuario na*

*realización das actividades básicas e instrumentais, tanto sociais como sanitarias, da vida cotiá que non poida realizar por el mesmo, debido á súa discapacidade, e efectuar aqueles traballos encamiñados á súa atención persoal do seu entorno”*

Co fin de atender na redacción do precepto ás características das persoas usuarias que precisan da asistencia do persoal xerocultor, nomeadamente, aquelas persoas que se atopan en situación de dependencia ou risco de padecela, propónse unha redacción que permita recoller esta circunstancia, tal e como segue:

*“Asistir ao usuario na realización das actividades básicas e instrumentais, tanto sociais como sanitarias, da vida cotiá que non poida realizar por el mesmo, debido á súa discapacidade **ou situación de dependencia ou risco de padecela**, e efectuar aqueles traballos encamiñados á súa atención persoal do seu entorno”*

**Engádesse unha disposición adicional décimo sétima, que queda redactada como segue:**

**Disposición adicional décimo sétima. Medidas especiais no ámbito do persoal docente da consellería competente en materia de educación.**

1.A consellería competente en materia de educación regulará a determinación das prazas non estruturais do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, entre as que se encontrarán as necesidades de profesorado derivadas dunha comisión de servizos do seu titular, do goce dun permiso sindical a tempo completo, das situacións administrativas de servizos especiais, excedencias con reserva de praza, da redución horaria das persoas que forman parte dos equipos directivos, as que non estean previstas na planificación educativa e outras análogas.

A limitación temporal de tres anos establecida no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público non será de aplicación aos nomeamentos en prazas non estruturais.

2.Para aquelas prazas estruturais correspondentes a un corpo e especialidade, o dito prazo reiniciarase no momento en que se remate un proceso selectivo para ese corpo e especialidade, entendo como tal a publicación no DOG das persoas que superaron a fase de concurso-oposición e o seu nomeamento como funcionarios en prácticas.

As prazas estruturais vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino docente deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na lexislación vixente no prazo de tres anos a computar desde o primeiro nomeamento. Transcorrido ese período, a vacante deberá ser ocupada prioritariamente por persoal funcionario de carreira ou por persoal funcionario en prácticas ou, excepcionalmente, por persoal funcionario interino.

**Engadir unha Disposición Adicional decimo oitava.**

**Aos efectos de acadar unha funcionarización o máis ampla posible, de conformidade co establecido na ORDE do 15 de xaneiro de 2019, pola que se publica o Acordo de concertación do emprego público de Galicia, e en virtude do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, e como consecuencia da modificación levada a cabo pola lei 18/21 do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas, a Administración poderá convocar**

procesos de funcionarización en cada categoría profesional de persoal laboral as veces que se considere necesario.

Suprimir a disposición transitoria primeira. Persoal laboral fixo que realice funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario.

Substituír este procedemento, de promoción interna, por un sistema de provisión de postos, para que a funcionarización do persoal laboral fixo, se poida facer efectiva de xeito análogo ou similar ao que ten recollido o SERGAS, no seu acordo marco, que permite facer dito cambio de réxime xurídico mediante un procedemento de integración por decreto.

Modificar a letra f) do número 1, e os números 3 e 4 da **disposición transitoria oitava** que queda redactada como segue:

*f) O persoal funcionario de novo ingreso ~~e o persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma~~, comezará a consolidar o grao correspondente ao nivel básico do seu corpo ou escala, con independencia do nivel do posto de traballo que pase a desempeñar. O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma comezará a consolidar o grao correspondente ao nivel **no que estea clasificado o posto de traballo que desempeña como persoal funcionario de carreira.***

*3. A norma regulamentaria que desenvolva o sistema de carreira horizontal do persoal funcionario establecerá as equivalencias entre os actuais graos persoais e as novas categorías profesionais e graos de ascenso, de xeito que o persoal afectado se incorpore ao sistema de carreira horizontal con pleno recoñecemento da progresión profesional xa acadada. En todo caso, garantirase ao persoal afectado o nivel retributivo con que conte no momento de implantación do novo sistema.*

*4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanto non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, ~~poderase establecer~~ **establecerase** un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario da Administración da Xunta de Galicia progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.*

***Este sistema transitorio de recoñecemento da progresión no sistema de carreira profesional incluírá os termos nos que o persoal que acceda a un subgrupo ou grupo de clasificación superior, no caso de que o posto non teña subgrupo, polo sistema de promoción interna e obterá o recoñecemento, en termos económicos, da progresión acadada por promoción interna.***

Propónse a súa modificación, contemplando que a consolidación de grao corresponderá ao nivel



que o traballador pase a desempeñar. O contrario significará ir en contra do regulado no Acordo de concertación, en tanto que a Sección segunda do sistema de carreira profesional, no seu apartado Sexto. *Laborais fixos e opción de funcionarización*, establece que o período de servizos prestados como persoal laboral computaráselle como se fose prestado como persoal funcionario. Así mesmo a Sección terceira, da funcionarización do persoal laboral, no seu apartado Quinto, dos efectos dos procesos de funcionarización, no punto 2, dos Efectos da toma de posesión, apartado c), establece que Conforme o disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública e na súa normativa de desenvolvemento, para os efectos de antigüidade recoñecerase a totalidade dos servizos indistintamente prestados en calquera Administración pública.

Semella polo tanto contrario ao pactado polas partes no Acordo de concertación do emprego público en Galicia, en tanto que non se trata de novo acceso se non de cambio de vínculo xurídico que contén e mantén a traxectoria do persoal laboral fixo que ve mudado o mesmo.

### **Engádesse unha disposición transitoria no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do 2023 que queda redactada como segue:**

*Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2023*

Como consecuencia da escaseza de persoal de perfil sanitario agravada pola situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a dispoñibilidade do dito persoal nas listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino, adóptanse as seguintes medidas:

1.No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás categorías profesionais indicadas, **podrá actuarase de acordo a seguinte prelación:**

~~—solicítarse directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos, ou;~~

**1º- acudir a ordes de servizo para funcións de superior categoría, especialmente no caso de categorías das escalas sociosanitario, en primeiro termo entre o persoal do propio centro e sempre que reúna os requisitos de titulación esixibles.**

**2º- acudir ~~opcionalmente~~ á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente ~~que solicitaron a reincorporación;~~ ou,**

**3º -acudir aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos; ou, ~~acudir á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.~~**

4º - abrir un prazo extraordinario para facer unha convocatoria pública, acortando os prazos ao máximo legalmente posible.

5º- solicitar directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos.

Esta alegación é en relación a disposición transitoria que xa estaba na lei de medidas fiscais e administrativas do ano 2022 e non se cumpriu, xa que na redacción non se dispón a obrigatoriedade da medida, senón que pon "poderá". Xa se tratou este tema no seu día, pero as diferentes xefaturas territoriais seguen a facer como lles da a gana en cada momento para cubrir os postos, pero nunca como dispón a lei de medidas fiscais e administrativas, polo que está claro que a redacción proposta non arranxa o problema da cobertura dos postos.

Ademais, en postos pertencentes á categoría profesional de auxiliar de clínica (Grupo IV, categoría 3), poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non for posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3) polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que cumpran o resto dos requisitos exixidos para o acceso á categoría ou escala.

2. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso á categoría de que se trate. **Nestes casos excepcionais, esixiráselles que acrediten o coñecemento do galego no menor tempo posible.**

3. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

4. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

**4 bis Modificacións dos ámbitos provinciais nas categorías de difícil cobertura de enfermaría e fisioterapia a conxunto de municipios que se determinaran na negociación correspondente**

A delimitación actual de carácter provincial en categorías de difícil cobertura determina que moitos profesionais non se anoten nas listas de contratación da Xunta pola distancia dos centros de traballo ós que poden ser chamados, xa que teñen opcións de listas de contratación de outros servizos públicos nos que os ámbitos teñen isócronas máis baixas

5. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada ao ano 2023

A separación dos chamamentos en listas, do persoal de mantemento do antigo grupo V que acabou unificado nas listas da Agrupación profesional de persoal subalterno e que tamén se nos comentou que se modificaría na Lei de medidas.

#### Na Disposición Derradeira Quinta.- Entrada en vigor.

5.- O Corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, Grupo B dos grupos de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entrará en vigor cando se produza o desenvolvemento regulamentario polo Estado do devandito Grupo.

Por conseguinte e mentres non se leve a cabo ese desenvolvemento regulamentario do Grupo B, todas as referencias relativas ao mesmo, a efectos de convocatorias de procesos selectivos e a efectos da súa incorporación á Administración deberán entenderse producidas no subgrupo de clasificación C1.

Engadir un número 6 coa seguinte redacción: “No momento en que se desenvolva o grupo B (ven a nivel estatal ou autonómico), o persoal que teña a correspondente titulación que se requira para o seu acceso, integrárase por decreto no mesmo, a tódolos efectos”

#### Tamén desde **CCOO e UGT**, solicitamos:

- A derogación de toda a **lei 1/2012**, por considerala extemporánea, logo de 10 anos en vigor (era unha medida urxente e provisional) e, en particular, a recuperación total do artigo 19 do V Convenio Único.
- Homologar a xornada máxima semanal a **35 horas**, coas restantes administracións autonómicas e estatal.
- Acabar coa a discriminación que supón para o persoal funcionario o recorte que se mantén nas **pagas extra**.
- Un acordo plurianual para ir recuperando as restantes axudas do **FAS**, que seguen suspendidas
- A eliminación da **taxa de reposición** para poder recuperar emprego neto, reducir dunha vez por todas a temporalidade e garantir o relevo xeracional dos cadros de persoal dunha administración como a da Xunta de Galicia cunhas medias de idade elevadas.
- Negociar un novo acordo de **xubilación parcial**.
- Estender a **segunda actividade** a aqueles colectivos cunha especial penosidade no desenvolvemento do seu traballo (ex. gardacostas, política social, ...)
- Negociar a regulación do desfrute da **bolsa de horas do 5% da xornada máxima** anual para conciliación.

LENDAS:

- Texto proposto pola Administración
- ~~Supresións ao texto da Administración~~
- Alegacións e modificacións propostas por CC&OO e UGT
- Explicacións as alegacións formuladas por CC&OO e UGT

En consecuencia de todo o anterior, **SOLICITAMOS:**

Que se teña por presentado este escrito de **ALEGACIÓNS de CC&OO e UGT, para a súa toma en consideración nas xuntanzas de negociación a celebrar co obxecto de acadar unha modificación da Lei de Emprego Público co máximo consenso posible.**

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2022



Javier Lareu Rodiño



Lino Díaz Goás

**DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA**  
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA